

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de febreiro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

**Invitados:**

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día seis de febreiro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(96).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(97).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE E O CONCELLO DE VIGO PARA A URBANIZACIÓN DAS RÚAS MANUEL ALVAREZ, SEVERINO COBAS E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXP-TE. 89/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 5.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, conformado pola concelleira de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio, que a continuación se describe, de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo para a urbanización das Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E O CONCELLO DE VIGO PARA A URBANIZACIÓN DAS RÚAS “MANUEL ÁLVAREZ, SEVERINO COBAS E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ”*

*En Vigo, a 6 de febreiro de 2009.*

**REUNIDOS:**

*Dunha parte: María José Caride Estévez, Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 7/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.*

*Doutra parte: Abel Caballero Álvarez, na súa condición de alcalde do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Ambas as súas partes recoñécense mutuamente na calidade en que inteveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto,*

**EXPOÑEN. -**

*Primeiro.- O Concello de Vigo, ten a necesidade de afrontar a demanda consistente na mellora da seguridade da infraestrutura viaria no seu ámbito, concretamente a urbanización das seguintes rúas: “Manuel Álvarez”, Rúa “Severino Cobas” na parroquia de Lavadores e da Rúa “Escultor Gregorio Fernández”. A execución das actuacións proxectadas, redundará no desenvolvemento do municipio e no benestar dos seus habitantes.*

*Segundo.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ten entre os seus obxectivos a mellora da calidades dos espazos urbanos, de xeito que se proporcione aos usuarios unha maior comodidade, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións dos cidadáns na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.*

*Neste contexto, a Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Vigo, trata de fomentar aqueles investimentos que dean solución eficaz aos problemas nas infraestruturas urbanas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.*

*Constatadas as carencias que neste sentido ten o Concello de Vigo e a necesidade de levar a cabo os proxectos de urbanización das rúas “Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández”, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo deciden levar a cabo a mencionada obra.*

*Terceiro.- Atendendo a finalidade dos investimentos que pretende o Concello, as actuacións encadráanse como obras de entornos urbanos e polo tanto susceptibles de recibir axudas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a través do seu presuposto de gastos. Competencia que está contemplada no apartado 1) do artigo 7º.1 do Decreto 188/2008, do 28 de setembro “A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.*

*Cuarto.- Nos orzamentos de gasto da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para 2009, existe partida adecuada e suficiente para subvencionar a actuación e considérase debidamente xustificada a necesidade das actuacións motivo da solicitude do Concello.*

A Consellería considera axeitado colaborar na execución das obras e para iso contribuír cunha achega económica de 6.160.000 €. A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Vigo, xa que esta institución é a máis axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Isto, xunto coas razóns de interese público que se supón a actuación, son os motivos que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, polo que non procede promover a concorrència.

O que se fai constar os efectos do establecido no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Por todo iso, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Vigo, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para aborda-la execución das actuacións citadas, a través dun Convenio que se estrutura nas seguintes,

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, que permitan realizar as obras de urbanización das rúas “Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández”.

#### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO.

O Concello de Vigo obrígase a :

1.- Realizar a súa conta tódolos documentos técnicos que sexan precisos para a completa definición das obras a que se fai referencia na cláusula primeira e de levar a cabo, para a citada intervención, as actuacións consistentes na contratación, dirección, xestión e recepción das citadas obras.

As actuacións expresadas deberán desenvolverse respectando os principios e dacordo coas prescricións establecidas na lexislación de contratos do Sector Público.

Obrígase tamén a asumir as achegas económicas necesarias para completar o importe consignado na cláusula terceira como achega económica da CPTOPT, ata completar o custo total da execución das obras definidas no proxecto. Así mesmo asume a súa conta, se fose o caso, calquera outro incremento de execución como consecuencia de variacións do importe final motivadas pola aprobación de proxectos modificados, complementarios, liquidacións e/ou revisión de prezos e/ou calqueira outra circunstancia.

A tenor do disposto no artigo 27.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá subcontratar a totalidade das execucións e por aplicación do disposto no artigo 27.5 da mesma lei, obrígase, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade das execucións ante a Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Tamén se compromete a establecérselle ao contratista, encargado de executar as obras, a obriga de colaboración, para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada Lei.

2.- A tenor do disposto no artigo 11 da lei 9/2997, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, o Concello de Vigo asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade das execucións ante a Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

3.- Realizar ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes a correspondente rendición da xonta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para iso a seguinte documentación: “Certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención”. A dita documentación conterá calquera dos medios que contempla o artigo 15 do Decreto 287/2000 do 21 de novembro e a comprobación material do investimento pola CPTOPT poderase substituír por unha xustificación documental nos termos expresados no apartado 3 do artigo 30 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

*A estes documentos deberase unir tamén a certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda e as actas de recepción unha vez finalizadas as obras.*

*Así mesmo, o Concello, comunicará á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a data de recepción ou remate das obras para o efecto de que se envíe un representante se así o estima oportuno.*

4.- *Facilitarlle, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.*

5.- *Comunicarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais ós efectos de proponer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste Convenio.*

6.- *Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvención de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.*

7.- *Asumir, pola súa condición de beneficiario segundo o artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, tódalas obrigas que, para ó mesmo, establece o citado artigo. Así mesmo, na publicidade das actuacións definidas no presente convenio fázase mención á colaboración entre ámbalas dúas Administracións aos efectos do establecido no artigo 15.3 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia. A tal efecto, o Concello de Vigo deberá das publicidade da obra, mediante a colocación dun cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes/Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.*

8.- *As determinacións do presente convenio son obxecto de inscrición no rexistro público de axudas, subvencións e convenios segundo se establece nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.*

*En consecuencia, o Concello de Vigo, coa sinatura deste convenio, da o seu consentimento expreso á Xunta de Galicia para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no decreto 132/2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se fora o caso.*

#### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.**

*A Xunta de Galicia, a través da Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asume as seguintes obrigas:*

1.- *Contrinuír o financiamento da actuación cunha achega de cómo máximo seis millóns cento sesenta mil euros (6.160.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 08.02.521 A 762.0, dos presupostos xerais para 2009, nas seguintes anualidades:*

<i>Anualidade de 2009:</i>	<i>500.000 €.</i>
<i>Anualidade de 2010:</i>	<i>1.500.000 €</i>
<i>Anualidade de 2011:</i>	<i>4.160.000 €</i>

*Esta achega declarase compatible, no seu caso, con outras aportacións, axudas ou subvecións que a entidade beneficiaria destine a execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 10% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.*

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo das obras e actuacións executadas ou contratadas polo Concello na urbanización das rúas “Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández”.

As transferencias efectuaránse no marco da anualidade programada, cando sexan solicitadas pola entidade local coa documentación a que se fixo referencia no apartado 3 da cláusula segunda. Os libramentos parciais terán a condición de aboamentos a boa conta e, por iso, supeditados a acreditación do cumprimento da finalidade da axuda.

3.- A Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes, reservase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tando durante a súa execución como ao seu remate.

#### CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituiráse unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes e dous do Concello de Vigo. As súas funcións entre outras serán as seguintes:

- Impulsar e aviar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reuniráse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

2.- En todo caso, a contribución financeira da Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes non implicará subrogación desta en ningún dereito nin obriga que se deriven da titularidade da obra, que corresponderá ao Concello de Vigo. En consecuencia a colaboración que se pacta é unicamente económica, quedando exonerada a Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes de toda responsabilidade dimanante da execución das obras ou da súa posta a disposición do uso público, que será atribuíble ao Concello de Vigo.

3.- A Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se poidan producir por motivos de modificados ou gastos complementarios.

#### SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeráanse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, para o non establecido nelas, seralle de aplicación o réxime xurídico das disposicións non derogadas do Decreto 287/2000, o Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola/o Consellería/o de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ponendo así fin á vía administrativa.

2.- *Serán causas de extinción deste convenio.*

- *O non cumprimento do seu obxecto.*
- *A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.*
- *Incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio.*
- *Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.*

*Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.*

**CLÁUSULA SÉTIMA. OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL.**

*Pola natureza das actuacións subvencionables e o destinatario da mesma, de acordo co artigo 48 f) da Lei 16/2008 de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2009, o Concello de Vigo queda exento da obriga de presentar o xustificante de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ninguna outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.*

**CLÁUSULA OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO.**

*A vixencia do presente convenio esténdese dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas, non podendo exceder do 31 de decembro do ano 2011.*

*Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, suscrito o presente convenio por triplicado exemplar.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.